

## A DESCRICIÓN 2

**Responde ás preguntas e faimas chegar a [anabelfernandezmelon@edu.xunta.es](mailto:anabelfernandezmelon@edu.xunta.es) ou por wassap ao 605563364.**

1. Na páxina 214 do teu libro de texto podes repasar as características da descrición. Fíxate en como aparece definido o retrato: “é unha descrición persoal na que se combina a descrición física coa psicolóxica”
2. Agora le con atención estes retratos que fai Castelao no seu libro Os dous de sempre:



“Pedriño, o fillo máis vello de Farruco, veu vivir coa tía Ádega. El era manso, alabeeiro; pero tamén lacazán, pousafoles, e máis que nada comellón e lambeteiro.

Endexamais podía ver comer sen pedir parte, e moitas veces daba noxo de velo tan devecido sempre, tan famento, inda que tivese o fol estoupado de comida. [...]

O seu amigo máis achegado era o Rañolas: un rapaz eivadiño das pernas, que andaba en crequenas por ter os remos engoumados. As pernas do Rañolas estaban tan encartadas que para andar de presa tiña que axudarse das mans, camiñando a catro pés. [...]

Os dous amigos, sentados a plan, comían as peras e mazás que Rañolas sacaba da chombra, darrentes do coiro. Pedriño pagáballe con leccións de silabario.”

3. Vamos facer de investigadores: Que sabemos de Pedriño? Sinala nunha lista toda a información sobre este neno que atopes no texto. Se algunha palabra non a entendes, búscala no dicionario (“alabeeiro” significa “obediente”, por exemplo):
  - Pedriño ten irmáns.

- É obediente.
  - ...
  - ...
  - ...
4. Elabora outra listaxe coma esta coas características de Rañolas:
- ...
  - ...
  - ...
  - ...
5. Compara as dúas listas. En cal delas hai máis características físicas e en cal máis características psicolóxicas?
6. Ás veces **sabemos como son as persoas polas cousas que fan**. Rañolas, o neno con discapacidade motora, tráelle froita a Pedriño, e este págalle ensinándolle o silabario (o alfabeto). Será Rañolas un neno interesado en aprender? Que opinas?
7. Se Rañolas vivise no noso tempo, andaría polo chan a catro patas debido á súa eiva? Como andaría hoxe este cativo?
8. Como nestes retratos o autor se fixou máis en como son estes nenos por dentro, ti vas describilos por fóra. Coa técnica aprendida na ficha anterior (observar, seleccionar os aspectos que máis nos interesen describir e atribuírlles unhas características), redacta unha descrición dos dous nenos. Podes axudarte do debuxo de Castelao ou imaxinalos como ti queiras.